



Achégase, despois de asinado polo reitor, un dos orixinais do convenio asinado con esa Entidade, para a realización de prácticas académicas externas curriculares, dos estudantes da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

Oleiros (A Coruña), 22 de decembro de 2016

O decano,



Xurxo Dopico Calvo

D. ÓSCAR MARTÍNEZ MONTERO.- XERENTE CLUB SILVA SD.- AVDA.
GALILEO GALILEI, 12.- 15008 – A CORUÑA



863/2016

**CONVENIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CO CLUB SILVA SD PARA A
REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS
ESTUDANTES DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN
FÍSICA**

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES) pone unha especial énfase na realización por parte dos estudiantes de grao e mestrado de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitarlos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Por este motivo

COMPARCEN

Por unha banda, D. Julio Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG n.º 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n.º 201, do 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E, pola outra, D. Óscar Martínez Montero, con D _____ en nome e representación da entidade Club Silva SD, con sede en Avda. Galileo Galilei, 12.- 15008 – A Coruña, e CIF G15100191.

Ambas as entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas curriculares, de conformidade co Regulamento de Prácticas Académicas Externas da UDC, aprobado polo seu Consello de Goberno do 23 de abril de 2013, e as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar aos estudiantes da titulación do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Universidade da Coruña a realización do Prácticum correspondente ao Plan de estudos Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte dentro dos programas de cooperación educativa promovidos pola entidade colaboradora Club Silva SD (en diante, a Entidade).



SEGUNDA. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios deste programa aqueles estudiantes matriculados nalgúnha titulación da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, de conformidade co plan de estudos correspondente.

Non poderán ser beneficiarios deste programa os estudiantes que manteñan algunha relación contractual coa Entidade, agás autorización obtida de acordo coa normativa interna da Universidade da Coruña.

TERCEIRA. Duración

A duración das prácticas académicas externas curriculares será a que establecer o plan de estudos oportuno, dentro do marco previsto polo art. 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE n.º 260, do 30 de outubro), ou norma xeral posterior que o substituír.

CUARTA. Obrigas e dereitos dos estudiantes

Durante a realización das prácticas, o/a estudiante comprometerase a cumplir as condicións concretas establecidas; a realizar as actividades que a Entidade lle encomendar dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Entidade; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Entidade (mesmo unha vez finalizado o contrato de prácticas) e a manter o contacto cos seus tutores.

Aos estudiantes garantíránselles, en todo caso, os dereitos seguintes:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice esta.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola universidade.
- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, se é o caso, o seu rendemento.
- d) A percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na legislación reguladora da materia.
- f) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) A cumplir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, logo de comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudiantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.



i) A conciliar, no caso dos estudiantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.

j) Disfrutaren dos permisos recoñecidos na legalidade vixente.

Unha vez finalizado o seu período de prácticas, o/a estudiante terá que elaborar unha memoria final de que fará entrega ao titor ou a titora académico/a. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes informacions:

a) Datos persoais do ou a estudiante.

b) Entidade colaboradora en que realizou as prácticas e localización do centro de traballo.

c) Descripción concreta e detallada das tarefas e os traballos desenvolvidos, así como dos departamentos da Entidade a que foi asignado/a.

d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.

e) Relación dos problemas xurdidos e procedemento seguido para a súa resolución.

f) Identificación das adquisicións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.

g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

QUINTA. Obrigas da Entidade

A Entidade comprométese a fixar o proxecto formativo que efectuará cada estudiante, e a respectar os dereitos dos estudiantes relativos á protección dos seus datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo ha de ser conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que realizarán os estudiantes en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

Unha vez finalizadas as prácticas, a Entidade expedirá ao ou á estudiante un certificado acreditativo da súa realización e das súas características. Alén disto, remitirá debidamente cuberto ao centro o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar os seguintes aspectos:

a) Capacidade técnica do ou a estudiante

b) Capacidade de aprendizaxe

c) Administración e organización dos traballos

d) Habilidades de comunicación oral e escrita

No caso daqueles estudiantes con discapacidade que presentaren dificultades na expresión oral, deberá indicarse o seu grao de autonomía para esta habilidade e se requieren algún tipo de apoio técnico e/ou humano.

e) Sentido da responsabilidade

f) Facilidade de adaptación

g) Creatividade e iniciativa

h) Implicación persoal



- i) Motivación
- j) Receptividade ás críticas
- k) Puntualidade
- l) Relacións co seu contorno laboral
- m) Capacidad de traballo en equipo
- n) Aqueles outros aspectos que se consideraren oportunos

SEXTA. Obrigas do centro

O centro comprométese a convocar, difundir entre o seu estudiantado e tramitar as ofertas de prácticas que recibir da Entidade no marco deste convenio.

SÉTIMA. Relación entre a Entidade e os estudiantes en prácticas

Das prácticas non se derivarán as obligas propias dun contrato laboral, nin terán dotación económica obligatoria por parte da Entidade, malia que se poderá prever unha contribución en concepto de bolsa ou axuda ao estudio. Nestes casos, a entidade deberá dar de alta e cotizar polo estudiante á Seguridade Social nos termos previstos polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro (BOE n.º 259, do 27 de outubro), e demás normativa de desenvolvemento.

A Entidade poderá interromper unhas prácticas cando considere que o/a estudiante vulnerou gravemente as súas obligas, o que lle comunicará ao ou á representante do centro.

Se o/a estudiante se incorpora á Entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non se computará para os efectos de antigüidade, nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

OITAVA. Tutores

Os estudiantes en prácticas que se acolleran a este programa disporán dunha titoría académica e outra profesional.

O tutor ou a titora académico/a será unha profesor/a do centro, mentres que o tutor ou a titora profesional será unha profesional da Entidade.

Os dous tutores supervisarán as funcións levadas a cabo polos estudiantes durante as súas prácticas, asistirános no que for necesario e avaliarán o aproveitamento das prácticas.

Os tutores académicos e profesionais poderán obter da Universidade da Coruña o recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación.

Os tutores profesionais e académicos terán os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, nos termos previstos no presente convenio de cooperación educativa e no Regulamento de Prácticas da UDC.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.



Os titores profesionais deberán cumplir as obrigas seguintes:

- a) Acoler o estudiante e organizar a actividade que vai desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvimento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar o estudiante da organización e o funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvimento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvimento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que poidan xurdir no seu desenvolvimento e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir os informes que corresponda.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudiante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudiante os medios materiais indispensables para o desenvolvimento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudiante.
- i) Facilitarlle ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudiante como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudiante, durante a súa estadía na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

O titor ou a titora académico/a terá as seguintes obrigas:

- a) Velar polo normal desenvolvimento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudiante.
- b) Facer un seguimiento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor da entidade colaboradora e vistos, se for o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzcan no proxecto formativo.
- d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudiante tutelado, á vista da memoria final presentada polo/a estudiante e o informe do titor ou a titora da entidade colaboradora, mediante o correspondente informe.



NOVENA. Seguro escolar

O estudantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obligatorio que paga coa matrícula. Os estudiantes maiores de 28 anos deberán contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes. Este seguro poderá ser contratado tamén polo resto do estudantado. A maiores, a entidade colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para os estudiantes.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta pola pólica que a Universidade da Coruña ten subscrita para os efectos.

DÉCIMA. Remisión aos anexos

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio, de acordo cos modelos que se achegan.

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do ou a estudiante; o lugar en que se realizarán as prácticas; o nome dos titores; as datas de inicio e fin das prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas que levará a cabo o/a estudiante; a posible bolsa ou axuda ao estudo e o tipo de seguro que dará cobertura ao ou á estudiante.

As prácticas terán a validez académica que se lles outorgar no plan de estudos correspondente, no marco do Prácticum, e incorporaranse ao Suplemento europeo ao título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación. Cada anexo recollerá as materias, o número de horas e os créditos asignados, e será asinado polos estudiantes, unha persoa representante da Entidade e outra representante do centro.

En caso de incumprimento, a Entidade poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

DÉCIMO PRIMEIRA. Resolución de conflitos

As cuestións litixiosas que xurdiren a respecto da interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias serán resoltas mediante arbitraxe nos termos previstos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraxe (BOE n.º 309, do 26 de decembro).

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

A duración deste convenio será dun ano académico, e renovarase automaticamente por iguais períodos de tempo mentres non for denunciado por algunha das partes, que o comunicará á outra por escrito e con cando menos dous meses de antelación á data de renovación.

No entanto, a denuncia do convenio non afectará ás prácticas que xa se viñesen realizando no momento de efectuala.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

En proba de conformidade, asínase este convenio en exemplar triplicado en todas as súas follas, para un só efecto, no lugar e a data que se indican a seguir:

A Coruña, 23 de novembro de 2016

Pola Universidade da Coruña

Asdo.: Julio Abalde Alonso

Cargo: reitor da UDC

Pola Entidade

Asdo.: Óscar Martínez Montero

Cargo: xerente



SDAD. DEPORTIVA